

# A VIAXE DA RAÍÑA MARIANA DE NEOBURGO (1689-1690) FESTAS E RELACIÓNS DE SUCEOS.

M<sup>a</sup> Beatríz Casás Ferreño

A protagonista da nosa historia é a raíña Mariana de Neoburgo, segunda esposa de Carlos II. Neste artigo imos analizar parte da viaxe que realizou desde Baviera (3 de setembro de 1689) ata a súa real entrada na Corte española (22 de maio de 1690), utilizando as numerosas relacións de sucesos que se conservan espalladas por distintas bibliotecas españolas e portuguesas. Estes documentos xorden no século XV vencellados ao xénero epistolar e o seu uso vaise estendendo ata ter o seu máximo apoxeo no século XVII, sobre todo nos reinados de Felipe IV e Carlos II. Tratan de diversos temas (acontecementos políticos, guerras, sucesos monárquicos, catástrofes, milagres, festas, ...) e a súa forma é variada, poden ser manuscritos ou impresos, en verso ou en prosa, en prego solto ou libro. A súa finalidade é narrar acontecementos, desta maneira perpetúan o efémero e informan e entreteñen ó público; poden considerarse as primeiras mostras de periodismo. Para coñecer máis sobre as relacións de sucesos e os diversos estudos que se están a levar a cabo remitímolos ao *Boletín informativo sobre las relaciones de sucesos españolas en la Edad Moderna*<sup>1</sup>.

O reinado de Carlos II estivo cheo de fracasos, tanto políticos coma económicos: asinou un desastroso tratado comercial con Holanda, perdeuse o Franco Condado, houbo continuas loitas contra a Francia de Luís XIV que foron acompañadas de tratados de paz moi severos. Xunto a estas crises, nos derradeiros anos do seu reinado, entabooouse unha loita pola sucesión e a herdanza entre Francia, Inglaterra e Holanda, debido á falla dun herdeiro.

A súa primeira dona foi María Luísa de Orleáns, sobriña de Luís XIV. Casaron en 1679 e o matrimonio durou dez anos, ata o falecemento da raíña o 12 de febreiro de 1689. Como aínda non había herdeiro, elixiuse axiña unha esposa para o rei entre varias candidatas:

- Isabel María de Portugal.
- Mariana de Médicis, filla do gran duque Cosme III de Florencia.
- Mariana de Neoburgo, filla de Felipe Guillermo de Baviera.

A elixida foi Mariana de Neoburgo, a única que non tiña sangue francés e que conta-ba cunha familia con sona de ser moi prolífica.

1. Páxina web elaborada por SAGRARIO LÓPEZ POZA e NIEVES PENA SUEIRO(Universidade da Coruña), <http://rosalia.dc.fi.udc.es/BORESU>.

Ao longo das relacións de sucesos que estudiamos fanse reiteradas mencións á desexada descendencia, por exemplo:

- "*Suplicando a Nuestro Señor guarde la Católica, y Real Persona de V. Magestad felicísimos Años, con la Dilatada, y Dichosa Sucesion que todos sus fieles Vassallos deseamos, (...)*"<sup>2</sup>.
- "*(...) y afiançada la sucesion perpetua de su amadísimo Rey (...)*"<sup>3</sup>.
- "*(...) conceda à esta Monarquía la deseada Sucesion (...)*"<sup>4</sup>.

O oito de marzo de 1689 anunciáronse os esposorios, e efectuouse unha voda por poderes en Alemaña o 28 de agosto dese mesmo ano<sup>5</sup>.

O feito de que houbera unha guerra contra Francia obrigaba a que a viaxe desde Alemaña a España se realizase por mar. O Conde de Mansfeld<sup>6</sup> escolleu a opción de cruzar o Canal da Mancha, fronte á de viaxar a través do Mediterráneo, debido ao acordo que se tiña con Inglaterra naqueles momentos. A ruta configúrouse do seguinte xeito: Baviera, Holanda, Canal da Mancha, Santander<sup>7</sup>, Madrid.

A información máis completa sobre a saída da raíña de Alemaña e a viaxe a Inglaterra ofrece Adalberto de Baviera<sup>8</sup>. Tardou 16 días en cruzar desde Baviera ata Düsseldorf con todo o seu séquito. En Düsseldorf debeu agardar ata que a flota inglesa estivese preparada en Holanda para trasladala. O 3 de novembro de 1689 recibíuse a noticia da chegada dos barcos ingleses a Holanda e, finalmente, embarcouse o día 13, e baixouse polo Rin ata Holanda. A flota, sen embargo, aínda non estaba alí, de xeito que o transbordo desde os barcos de río ata os barcos de alta mar non se realizou ata o 29 de decembro. E a saída cara a Inglaterra foise adiando ata o 30 de xaneiro de 1690. O día 4 de febreiro chegou a flota a Portsmouth, e alí tivo que agardar para aprovisionar e amañar

2. Relación nº 5, p.3.

3. Relación nº 12, p.2.

4. Relación nº 19, p.8.

5. A relación nº 9 describe a voda por poderes.

6. O embaixador de Austria que se encargou dos preparativos da viaxe.

7. Finalmente desembarcaría en Galicia debido a problemas meteorolóxicos. O almirante Russell viuse obrigado a facer unha parada en Inglaterra, e de alí dirixíuse cara á Coruña. A relación nº 15 menciona: "*cuya Real persona avia de tomar Puerto en el de Santander*".

8. ADALBERTO DE BAVIERA, *Mariana de Neoburgo. Reina de España*, Madrid, Espasa-Calpe, 1938, p. 40-58.

9. Adalberto de Baviera, *op.cit.*, p.54. "*Tenía éste 90 pasos de largo, 23 de ancho y 22 pies de calado. La artillería constaba de 92 cañones. Las anclas pesaban 5.000 libras. Sin contar los 80 marineros, podía albergar 300 personas. En la primera cubierta estaban dispuestos el timón y el depósito de armas, dos filas de cañones y algunos camarotes de oficiales. En la segunda cubierta se alojaba el Almirante Russel. Allí estaban los tornos de las anclas, dos filas de artillería mediana y la entrada al barco. La habitación de la reina Mariana estaba en la tercera cubierta, protegida por dos filas de cañones. Además del comedor, tenía varios aposentos. El de las audiencias se alhajaba con muebles hermosos y candelabros de plata. Según la etiqueta, había un sillón para la Reina y banquetas para los demás. (...) En el Duke pudo alojarse solamente una pequeña parte del séquito; los demás se repartieron por los otros barcos.*"

os barcos. O buque almirante no que viaxaba a raíña chamábase *The Duke*<sup>9</sup>. A flota compoñíase de seis escuadras<sup>10</sup>.

Desde o 15 de setembro de 1689, data na que chegou o correo a Madrid coa noticia da voda por poderes, o rei Carlos II foi preparando o recibimento. Nomeou mordomo maior ao Marqués de La Laguna<sup>11</sup>. O 28 de setembro saía cara a Santander a comitiva que debía recibir á raíña: o Marqués de Balbases ía con 70 persoas, o conde de Benavente levaba un agasallo do rei, e o Marqués de Valladares o saúdo da raíña nai. Cando se lles comunicou que a raíña desembarcaría na Coruña, deberon trasladarse ata Palencia e dende alí emprenderen viaxe ata a cidade herculina.

As tempestades, as doenzas das persoas do seu séquito e a presenza dos franceses, que naqueles momentos estaban en guerra contra España, influíu no continuo atraso da viaxe da raíña. Esta tardanza foi motivo de sátiras en España, un exemplo achámolo na relación nº 17; nun dos versos recóllese "*Id à buscarla en Olanda*", e tamén no romance escrito por Félix Silva y Rivera (relación nº 29). Hai que ter en conta que desde finais de setembro ata marzo, en España estívoase pendente da chegada da raíña, así que non sorprende demasiado a impaciencia do rei e do pobo.

O 19 de marzo de 1690 a raíña saía, por fin, de Inglaterra e navegou toda a Semana Santa ata chegar a Galicia a finais de marzo<sup>12</sup>.

## CHEGADA A MUGARDOS

O 26 de marzo de 1690 foi albiscada a flota que conducía á raíña Mariana de Neoburgo. Por mor do forte vento e o mal estado da mar, foi imposible atracar na Coruña, onde a raíña era esperada, e a flota dirixiuse á ría de Ferrol. A relación nº 30 achéganos a seguinte información: "*(...) el Maestro de campo D. Alonso Ferro Castañon, Gobernador de las Armas de la Coruña, mandò salir à la Mar à Gregorio de Castro y Figueroa, Piloto Mayor de la Ciudad, (...): cuya salida executaron (...), logrando valerosos abordarse el Real Baxel, y (...). Guiò su Rumbo, (...), entrò en la Playa del Ferrol, (...)*".

Nas relacións de sucesos sempre se menciona o porto de Ferrol, pero esta denominación non debe confundirse coa actual cidade de Ferrol. A raíña encallou preto de Mugardos, xusto enfrente do actual porto de Ferrol e nunca chegou a pisar a cidade ferrolá.

10. ADALBERTO DE BAVIERA, *op. cit.*, p.55. "*(...) con 2.072 cañones*".

11. Tomás Antonio de la Cerda y Aragón, Marqués de La Laguna e Conde de Paredes, irmán do Duque de Medinaceli, ocupou un cargo de Virrei de Galicia e Nueva España (1680-86), foi nomeado mordomo maior da raíña Mariana de Neoburgo en 1690, pero por mor do desastroso recibimento granxeou a inimizade dos reis. Cando a raíña chegou a Mugardos, non foi recibida, permaneceu na Coruña, despois de enviar un correo a Madrid para recibir instrucións.

12. A relación nº 30 relata a viaxe en barco e a súa chegada a Galicia.

Na relación nº 22 aparece escrito: "(...) *Antes que la Casa Real llegasse à Mugar dos, Lugar donde la Reyna se avia de desembarcar, y uno de los que costean al Puerto de Ferrol*".

Carlos II concedeuille á vila de Mugar dos o privilexio de que os seus habitantes estivesen exentos do servizo no Exército e na Mariña, xunto coa concesión do título de Real Vila.

No Arquivo Municipal de Mugar dos consérvase un documento datado o 30 de xullo de 1705, no cal Domingo de Souto (procurador real da vila e porto de Mugar dos) reclama "*Que la Ciudad de Vetanzos, y su Provincia cumpla con la cedula de su Magestad y no les comparta marinos soldados ni gastos*"<sup>13</sup>.

Este privilexio tamén se estendeu á vila de Ferrol<sup>14</sup>, o que induce a pensar a algúns historiadores<sup>15</sup> na posibilidade de que durante eses días que estivo en Mugar dos, antes de partir cara a Pontedeume, puidese visitar a vila ferrolá. En calquera caso, no Arquivo Municipal de Ferrol non se conserva ningún documento desta época que mencione o recibimento da raíña, só hai unha copia do mencionado privilexio concedido por Carlos II datada en 1832<sup>16</sup>.

O desembarco da raíña non se fixo inmediatamente. Primeiro mandouse un correo a Madrid, que chegou o día 30 de marzo<sup>17</sup>. Entrementres, o martes 28, o Conde de Benavente entregoulle á raíña o agasallo do rei (unha alfaia co retrato de Carlos II); o Marqués de Valladares entregoulle o agasallo da raíña nai, Mariana de Austria<sup>18</sup>.

Por fin, o día 16 de abril procedeuse ao desembarco<sup>19</sup> da raíña e leváronse a cabo as reais entregas. Despois, púxose en camiño facendo noite en Pontedeume, onde se hospedou nunha mansión do Conde de Lemos.

13. No Libro de Acuerdos de la Villa de Mugar dos para el Año de 1805.

14. MARGARITA SÁNCHEZ, "A vila de Ferrol na primeira metade do século XVIII", *Estudios Mindonienses*, nº 3, 1987, p. 296-297. "(...) atopamos no 1704 a reclamación de que se cumpra a Real Cédula dada en Madrid a 1º de abril do 1691 sobre a exención de dar continxente de milicias concedida por Carlos II co gallo do desembarco no Ferrol da súa esposa a raíña Dª Mariana."

15. J. MONTERO ARÓSTEGUI afirma que estiveron en Ferrol y "*aquí permaneció hasta el 8 de abril en que desembarco para la vecina villa de Mugar dos, desde la cual siguió por tierra a la ciudad de La Coruña*" (p. 41). Estes datos son incorrectos, a través da documentación conservada o día 8 saíu de Betanzos, despois de se hospedar nesta vila.

16. Arquivo Municipal de Ferrol, Expediente 7, 87-158, atado 55, carpeta 908, nº 2 (1691-1832).

17. As relacións nº 4, 23 e 24 narran as festas celebradas en Madrid en conmemoración polo desembarco da raíña no "*puerto de Ferrol*". Lanzáronse fogos artificiais e houbo unha mogiganga. O artigo de V. TOVAR MARTÍN, "El arquitecto madrileño José de Arroyo autor de Festejo y loa en honor de Mariana de Neoburg", en *Anales del Instituto de Estudios Madrileños*, 1980, p. 285-289, analiza estas festas.

18. Véxase a relación nº 30.

19. As relacións nº 26 e nº 30 describen o desembarco. ALENDAY MIRAreproduce integramente unha "*Copia de Carta escrita desde Betanzos el día 7 de Abril deste año de 1690, refiriendo la función de las Reales entregas de la Reyna nuestra señora en el Puerto del Ferrol, donde arribo su Magestad*". (p. 441-442).

No Arquivo Municipal de Pontedeume consérvase unha carta datada en Madrid a 5 de abril de 1690, asinada por D. Juan de Ulloa y Losadas e dirixida a D. Bernardo Ordóñez, instándoo a atender a dona Ana María de Ulloa, a súa neta e unha das criadas que acompañaban á raíña<sup>20</sup>.

A chegada a Galicia da raíña é mencionada por moitos historiadores galegos de xeito conciso. Por exemplo:

- M. Castro López dinos: *"26 de 1690. La princesa D<sup>a</sup> María Ana de Baviera, segunda esposa del rey Carlos II, despues de haber tocado en Inglaterra, llega con su comitiva al Ferrol; en él permaneció trece días, volviéndose á embarcar para Mugaridos, desde donde continuó su viaje, por tierra, á la Coruña, y de allí á Valladolid, córte á la sazon de España<sup>21</sup>".*

- Montero Aróstegui cóntanos que *"después de haber tocado en Inglaterra arribaron al puerto de Ferrol el día 26 de marzo de 1690, habiendo sido recibida y obsequiada con toda ostentación que permitían los escasos recursos de un pequeño pueblo de pescadores<sup>22</sup>".* Este historiador ferrolán ten a firme convicción da chegada da raíña á vila de Ferrol, idea que desbotamos pola falta de documentos que verifiquen esto.

- Vedía y Gossens ofrécenos máis datos sobre a chegada e o recibimento na Coruña<sup>23</sup>.

- Tettamancy y Gastón fai referencia á información dada por Vedía. Ademais engade *"(...) pero nosotros examinamos otros varios documentos y nos informan que el comercio de la Coruña no sólo contribuyó con dinero para la fastuosa recepción (...), sino que prestó personalmente su cooperación organizando una "notable mascarada compuesta de cincuenta individuos, lujosamente ataviados, que montaban una carroza monumental, engalanada con los atributos alegóricos del comercio, á la que rodeaban quince pages á caballo vestidos con ricas dalmáticas de seda y oro". "El autor del adorno de esta carroza fue Ricardo Hijosa, hijo del comerciante D. Antonio (...)"<sup>24</sup>.*

- Benito Vicetto recolle a anécdota da *"Pena da Raíña Mariana"*. Esta pena áchase preto do castelo da Palma, e ten este nome porque foi o que primeiro pisou de España a raíña<sup>25</sup>. En Mugaridos coñécese popularmente como *"Pena do cu da raíña"*, xa que se conta que ao pisar esvarou e caeu de cu.

20. Arquivo Municipal de Pontedeume, sign. 457.

21. MANUEL CASTRO LÓPEZ, *Efemérides Galaicas*, Imp. Regional, Lugo, 1891, p. 43. Naqueles momentos a corte achábase en Madrid, non en Valladolid, tal e como escribe M. Castro López.

22. JOSÉ ANTONIO ARÓSTEGUI, *Historia y descripción de El Ferrol*, (Escrita no ano 1858), Ferrol, 1972, p. 40-41.

23.E. VEDÍA Y GOSENS, *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*, A Coruña, 1845, p. 112-113, p. 197.

24. FRANCISCO TETTAMENCY Y GASTÓN, *Apuntes para la historia comercial de La Coruña*, A Coruña, 1900, p.221.

25. BENITO VICETTO, *Historia de Galicia*, Ferrol, 1865-1873, p. 126-127.

- J. A. Granados Loureda también recolle a chegada da raíña, pero sen achegar ningunha información nova<sup>26</sup>.

- O día 30 de marzo chegou a noticia a Madrid do desembarco da raíña no porto. A relación nº 19 describe as festas organizadas durante catro días, ata o domingo 2 de abril.

## ITINERARIO POR GALICIA

A primeira noite en terras galegas pasouna a raíña Mariana en Pontedeume. De alí trasladouse a Betanzos, onde se hospedou na casa do Conde de Maçada<sup>27</sup>.

Francisco Vales Villamarín recolle o "*Edicto del alcalde mayor de Betanzos fijando los precios de los bastimentos con motivo de la llegada a aquella ciudad de la reina doña Mariana de Neoburgo*"<sup>28</sup> e describe os preparativos: "*Días antes, el conde Puñonrostro, gobernador y capitán general del reino, había ordenado al regidor de la ciudad brigantina, don Francisco de Puzo y Aguiar, teniendo de corregidor de la misma, estuviesen prevenidos de ella todos los biberes necesarios de carneros, gallinas, cabritos, perdices, terneras, bacas, pescado, cebada, paja y lo mas necesario para el bastimento de la casa real, aciando componer los caminos, puentes y calzadas*" por onde a augusta habería de pasar<sup>29</sup>.

A relación nº 26 menciona os "(...) *Festejos, Luminarias, y Fuegos tan copiosos, que duraron hasta la media noche, (...)*".

O sábado, día 8, a comitiva dirixiuse cara á Coruña, cidade na que debía atracar a flota rexia se as condicións meteorolóxicas o permitisen. As relacións nº 22, 26 e 30 describen a súa entrada: foi "*(...) recibida con la debida Ceremonia por el Excelentissimo señor Conde de Puñon-Rostro, Virrey, y Capitan General del Reyno de Galicia (...)*"<sup>30</sup>.

Vedía y Gossens escribe: "*Salió S.M. el día ocho de abril de Mugaros*"<sup>31</sup>. Existe un erro na data, pois Mariana de Neoburgo saíu o 6 de abril de Mugaros, e o día oito partiu desde Betanzos deica A Coruña.

26. JUAN A. GRANADOS LOUREDA, *Historia de Ferrol*, A Coruña, 1998, p.177-180.

27. Relación nº 22.

28. FRANCISCO VALES VILLAMARÍN, *Boletín de la Real Academia Gallega. Colección de documentos históricos*, p. 285-286.

29. FRANCISCO VALES MILLAMARÍN, "*Bosquejo histórico de Betanzos de los Caballeros*", *Faro de Vigo*, Número especial do centenario, prego 10, p. 168-171.

30. Relación nº 26.

31. E. VEDÍA Y GOSENS, *op. cit.*, p.113.

Durante todo o tempo da súa estancia na Coruña celebráronse diversas festas. Vedía recolle un "Extracto de las funciones celebradas en La Coruña el año de 1690, durante la residencia de la Reina doña Mariana de Neoburg en dicha Ciudad"<sup>32</sup>. Por outra banda, no Arquivo Municipal da Coruña, consérvase unha descrición deste acontecemento en *Libros de Acuerdos Municipales* (nº 24, libro 71) e *Expediente en que se hallan los preparativos que hizo esta Muy Nuestra y Leal ciudad para rezibimiento y hospedage de la señora Reina D<sup>a</sup> Maria Ana Palatina* (C-990). Como di Isabel Martínez-Barbeito no seu artigo: "Todo ello explicado con letra descuidada e imperfecta, de tintas desvaídas y muy penosa lectura"<sup>33</sup>.

A través destes documentos sabemos que os preparativos para o recibimento se iniciaron a finais de 1689 e complementan a información que ofrecen as relacións de sucesos.

O sábado 15 de abril, a raíña partiu cara a Santiago. Fixo unha parada a medio camiño, en San Martiño de Galegos, preto de Ordes. No lintel da porta do Pazo de Gallegos gravouse unha inscrición: "EN 15 DE ABRIL DE 1690 DURMIO EN ESTA CASA LA REINA NTRA. SRA. D<sup>a</sup> MARIA - NA DE NEUBURGO MUGER DEL REY NTRRO. SR. D. CARLOS 2º VINIENDO DE LA CORUÑA EN ROMERIA A NTRRO. SANTO APOSTOL SANTIAGO, SIENDO DUEÑOS DE ESTA CASA DON ANT<sup>o</sup> MOSQUERA PIMENTEL RIVA DE NEIRA, CASADO CON D<sup>a</sup> BALTASARA ANT<sup>a</sup> DE LUNA LOVERA Y VALLADARES. AD MAJOREM DEI GLORIA"<sup>34</sup>. O rei concedeuille a esta casa o dereito de usar "cadea de refuxio", privilexio que desaparece a finais do século XVIII.

O domingo 16, Mariana de Neoburgo entrou en Santiago; as relacións n<sup>os</sup> 18, 20 e 30 describen as festas con que foi homenaxeada.

Hoxe en día quédannos os obxectos que a raíña doou a estas dúas cidades<sup>35</sup>. Na colexiata de Santa María do Campo da Coruña consérvanse unha arqueta eucarística e un ostensorio. Na catedral de Santiago hai unha cornucopia realizada por Jacobus Jaeger.

O mércores 19, o séquito real parte cara a Lugo; esa noite a raíña alóxase en Sobrado dos Monxes e fai a súa entrada ao día seguinte en Lugo, ás seis da tarde. A relación n<sup>o</sup> 20 describe a súa estancia en Lugo. Por outra banda, A. de Abel Vilela<sup>36</sup> describe polo miúdo todos os preparativos: a confección de traxes novos, o arranxo de camiños, a encargada dos alimentos,...

32.E. VEDÍA Y GOSENS, *op. cit.*, p.197.

33. ISABEL MARTÍNEZ-BARBEITO, "Una reina en La Coruña", *La Voz de Galicia*, 18/25-VIII-1965, 1/8-IX-1965.

34. DIEGO DE MUROS, "La Reina doña Mariana de Newburg, visitó al Apóstol hace 250 años", *El Correo gallego*, 26-IV-1940.

35. Existen varios estudos que analizan estes obxectos, un deles é: FRANCISCO JAVIER LOUZAO MARTÍNEZ, "Doña Maria Ana de Neoburgo en Galicia", *Historia 16*, nº 201, Madrid, p. 91-104.

36. ADOLFO DE ABEL VILELA, *Personajes reales en Lugo*, Sada, 1983, p. 42-46.



María de Nweoburgo estuvo en Lugo os días 20 e 21 de abril de 1690



## A viaxe da Raíña Mariana de Neoburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos.

Despois de dous días en Lugo, o 22 de abril D<sup>a</sup> Mariana parte cara ao lugar de Gallegos. Ao día seguinte fai noite no Cebreiro, derradeiro pobo da súa estancia no reino de Galicia. Nunca máis voltará a visitar este reino.

Mentres, en Madrid, celebrábanse catro días de festa, desde o martes 11 ata o venres. A relación n<sup>o</sup> 4 recolle a choqueira representada o 13 de abril.

## ITINERARIO POR CASTELA

A viaxe ata Valladolid foi bastante "rápida". A relación n<sup>o</sup> 20 relata todo o percorrido: o día 24 a raíña hospédase en Villafranca, o 25 pasa por Ponferrada, pero alóxase en Bembibre; o 26 chega a Astorga. Nesta última cidade descansa dous días. A relación n<sup>o</sup> 15 fai unha descrición polo miúdo das festas, e tamén nos explica qué parte do séquito que facía a viaxe de Palencia á Coruña se quedou en Astorga durante catro meses e medio, mentres outra parte foi recibida á Coruña. O día 28 sae a soberana cara a La Bañeza, o 29 hospédase en Benavente, o 30 en Villalpando, o 1 de maio en Rioseco, o 2 en Villa Nubia e, finalmente, o 3 chega a Valladolid.

Por outra banda, o rei Carlos II iniciara a viaxe desde Madrid para se reunir coa raíña en Valladolid. O día 2 facía noite en Olmedo, o 3 en Simancas, e o día 4 entraba en Valladolid.

A relación n<sup>o</sup> 21 narra como se vai preparando a cidade de Valladolid para recibir aos reis. As relacións n<sup>o</sup> 27 e n<sup>o</sup> 28 tamén se centran en Valladolid.


O 11 de maio os reis parten cara a Madrid e pasan polos seguintes pobos: Olmedo, Martín Muñoz, Villacastín, Guadarrama. O día 16 xa están no Buen Retiro, pero a Real Entrada celébrase o día 22 de maio. As relacións n<sup>o</sup> 5, 6, 12, 14 e 25 describen a entrada en Madrid e a homenaxe que recibiu a raíña. Para coñecer máis información sobre este acontecemento e os monumentos efémeros que se levantaron, remitimos aos traballos de Teresa Zapata Fernández de la Hoz<sup>37</sup>.

## AS FESTAS DURANTE A VIAXE

Na primeira vila onde se aloxou a raíña (Pontedeume) xa se tentou amosar algún sinal de celebración. Pero non pasou máis alá do "confuso ruido de las Gaytas, Sonajas, y Cantares"<sup>38</sup>, algo

37. TERESA ZAPATA FERNÁNDEZ DE LA HOZ, *Arquitecturas efímeras y festivas en la corte de Carlos II: las entradas reales*, (tese doutoral), Madrid, Universidad Autónoma, 1993. Tamén son interesantes os artigos da mesma autora: "La entrada de María Ana de Neoburgo (1660). Una decoración efímera de Antonio Palomino y Francisco Ignacio Ruiz de la Iglesia", en *Anuario del Departamento de Historia y Teoría del Arte*, Madrid, Universidad Autónoma, vol. IX-X, 1997-1998, p. 257-275. "La emblemática al servicio de la imagen pública de la Reina. Los jeroglíficos de la entrada en la corte de María Ana de Neoburgo", en Víctor Mínguez (ed.), *Del libro de emblemas...*, p. 671-704.

38. Relación n<sup>o</sup> 22.



**QVINTA NOTICIA**  
**DIARIA , EN QVE SE REFIERE EL**  
Magnifico Recibimiento , que la Insigne , y Nobilísima Ciudad de Valladolid hizo á los Reyes nuestros señores , en los Dias 3. y 4. de Mayo , en que entraron en dicha Ciudad.

Celebre Funcion del Real Casamiento , y Velaciones de sus Catolicas Magestades , executada el Iueves de la Admirable Ascension del Señor 4. de dicho Mes; Fiestas , y Leales Demostraciones con que aquella Gran Ciudad ha celebrado tan Reales , y Augustas Bodas , con las circunstancias mas apreciables de este Heroico Assunto.

Publicada Martes 9. de Mayo de 1679

que non estraña se temos en conta o pequena que podía ser a vila eumesa a finais do século XVII, unido a que non se agardaba que pasase tan eminente persoeiro por este pobo.

En Betanzos houbo máis preparativos e os festexos tiveron maior entidade: "*Las ventanas de todas las calles principales estuvieron colgadas, y con particular aseo la fachada de la casa del Ayuntamiento, en cuyo medio, debajo de un buen dosel, el Retrato de nuestro Amo, y Rey. La noche, por no tener que embidiar al día, se alumbrò con un grande, è ingenioso Castillo de fuego, y unas generales luminarias, y fuegos, (...)*"<sup>39</sup>.

Este xeito de dar a benvida á raíña a través de tres elementos: enfeites nas rúas e casas, luminarias e fogos, repetírase ao longo da súa viaxe. Segundo a importancia da cidade, haberá máis ou menos fogos, pero pódese dicir que é un elemento imprescindible nas celebracións do século XVII, existindo un gran empeño en facer da noite día<sup>40</sup>.

O seguinte pobo que recibiu a raíña dona Mariana foi A Coruña. Nesta cidade permanecerá desde o 8 ata o 15 de abril; nin en Santiago nin en Lugo estivo tanto tempo; supoñemos que se debe a que A Coruña era o porto onde debía atracar a raíña e as festas estaban preparadas desde o ano anterior. A través da documentación que se conserva no Arquivo Municipal da Coruña<sup>41</sup> e a das relacións (n<sup>os</sup> 19, 22 e 30) podemos observar todo o proceso de organización dunha festa, e tirar algúns elementos que se repiten en todas as cidades:

- Recibimento por parte das autoridades e entrega das chaves da cidade.
- Visita a unha igrexa; a raíña era recibida baixo palio e cantábase un *Te Deum laudamus*.
- Organización de choqueiradas, máscaras, carros triunfais, xunto aos fogos e luminarias mencionadas anteriormente. A música soe ser de claríns, timbais e maceiros.

O 7 de novembro de 1689 notificouse ao Concello a través dun real acordo o desembarco da raíña: "*la Reina Nuestra Señora Doña Maria Ana Palatina a de venir de desembarcar a este puerto*"<sup>42</sup>. A raíña aloxouse en palacio e o séquito en "*casas particulares*"<sup>43</sup>. O 11 de novembro creuse unha comisión de festexos, para "*xestionar*" todo o relacionado co desembarco.

O 15 de novembro solicitouse ao monarca a facultade para "*usar por tiempo de diez años del arbitrio de las tres quartas partes en octava... de las tres especies de vino aceyte y vinagre*"<sup>44</sup>.

39. Relación n<sup>o</sup> 22.

40. Relación n<sup>o</sup> 12, "*bien se puede decir, que jamás noche ha sido tan parecida al día*" (p.12).

41. I. MARTÍNEZ-BARBEITO, *op.cit.*

42. I. MARTÍNEZ-BARBEITO, *op.cit.*, 13-VIII-1965.

43.I. MARTÍNEZ-BARBEITO, *op.cit.*, 13-VIII-1965.

44. I. MARTÍNEZ-BARBEITO, *op.cit.*

Con este arbitrio de 65.000 reais e os 3.000 reais que se tomarían da obra pía establecida polo ex-rexedor D. Juan López Varela, afrontaríanse os gastos. O correo saúo o 17 cara a Madrid.

O 18 emitíuse un bando no que *"todas las personas de qualquier calidad que sean compusiesen cada una la parte de calles que le correspondiese a la casa donde viva"*<sup>45</sup>. Se non cumprían esta orde no prazo de catro días, terían que afrontar unha multa de vinte ducados. O 23 encargáronse a Isidro Hernández, de Santiago, os fogos que se queimarían.

O 24 saúo á luz outro bando, ordenando que os veciños *"pongan todas las noches luminarias y por el dia tengan las ventanas colgadas con colgaduras y tafetones y alajes de gusto que tubieren"* durante a estancia da raíña.

En decembro adquiríuse a comida: *"barriles de jalea"*, *"conserva de naranjilla y limón"*, 400 libras de confeito e 60 libras de bocados. Tamén se mercaron 860 libras de cera branca para as *"hachas"* e *"hachóns"* das iluminacións de máscaras e *"saraos"*.

O Concello e a praza de Palacio axeitáronse, mercouse unha alfombra nova, adquiríronse uniformes para os porteiros e *"maçeros"*. Creáronse trinta e oito puntos de iluminación novos. A organización dunha máscara obrigou a mercar corenta libreas para os cabaleiros e corenta arrees para os cabalos. Tamén se encargou facer un *"sarao"*, un torneo, unha choqueirada a cabalo e á flamenca, e matachíns reais.

Entre o Concello e a Xunta do Reino producíronse enfrontamentos á hora de dispoñer o protocolo. O Concello da Coruña, representado polo corrixidor Marqués de Torreblanca, considerábase con dereito para ser recibido de forma individual no beixamáns, e non dentro da comitiva que representaba ás cidades galegas, pero ao final non o acadou.

A finais de marzo dispúxose que, tan pronto como aparecesen os navíos, se iluminaran e enfeitasen as casas do lugar.

O 1 de abril notificouse a súa chegada a Ferrol, designáronse catro capitulares para se trasladar ata Mugardos a dar a benvida á raíña e invitala a que fose á Coruña.

O 3 de abril trouxeron a noticia de que a raíña ía pasar pola cidade, e foron outra vez ata Mugardos para organizar o sarao que se previra realizar na cidade herculina. Tamén levaban cen caixas de bocados e confeito, xunto a outros tantos bocois de laranxa, xelea, limonciño e doce de cabaza. O 8 de abril, ante a chegada da raíña desde Betanzos saúo unha comitiva para recibila. Entrou pola porta de Arriba na súa liteira real, sendo acompañada polo Marqués de La Laguna (mordomo maior) e o Marqués de Balbases (cabaleirizo maior).

45. I. MARTÍNEZ-BARBEITO, *op.cit.*

## A viaxe da Raíña Mariana de Neoburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos.

Dirixiuse cara á colexiata de Santa María del Campo, onde foi recibida baixo palio polo cabido e o arcebispo de Santiago, e a seguir celebrouse un *Te Deum laudamus*.

Despois, transportouse á soberana ata o seu aloxamento en cadeira de man. Un pouco máis tarde, ao caer a noite, comezaron as festas:

- Na praza do palacio queimáronse fogos de man e un castelo de lume "*echo con sus figuras de animales a modo de historia*"; estaba composto por tres corpos de pilastras, con fontes e fogos en forma de estrelas. O autor das esculturas era Antonio Lopes.

- Representouse unha máscara con corenta cabaleiros luxosamente vestidos, formando parellas. O corrixidor e o alferez maior ían vestidos de cor encarnada, o resto das cores botouse ao chou entre os cabaleiros. A máscara fixo un percorrido pola praza e o resto da cidade.

O 9 de abril levouse a cabo o beixamáns e a audiencia.

Nos sucesivos días celebráronse "*saraos*", danzas e fogos pola noite. O 12 houbo unha "*máscara de moxiganga de a caballo con quatro carros triunfantes que se componia uno dellos con su música y villancicos y el otro con su fuego encendido... Otro de istoria... Otros de jitanas*"<sup>46</sup>.

O día 13 a troula máis agardada era o torneo de armas, ao estilo dos "*carrousel*" franceses. Na praza de palacio instalouse un "*palenque o balla*". A primeira alegoría foi unha "*galera muy bien compuesta y aliñeada con sus banderas y remos y con sus dos presas de artillería*"<sup>47</sup>, da que se baixou un mantedor e os seus padriños. A segunda alegoría foi "*el cavallo troano*", co loitador cos seus padriños. Despois presentáronse dous "*caballeros ventureros metidos en el efixe de una peña*". Finalmente, fixeron a súa aparición dous ventureros máis, "*metidos en el efixe de la Torre de Ercules y*



Mariana de Neoburgo. [Grabado de Richard Collin]

46 I. Martínez-Barbeito, *op.cit.*, 1-IX-1965.

47 I. Martínez-Barbeito, *op.cit.*, 8-IX-1965.

*dando la vuelta a la plaza y a vista de su magestad hasta cerca de las ocho de la noche*<sup>48</sup>. O xuíz do torneo foi o Conde de Puñonrostro.

Tras a finalización tomouse "*un refresco de bebida y dulce*". Lembremos que se comprara confeito, xelea e bocados de marmelada para homenaxear á raíña e ó seu séquito.

Ao día seguinte, 14 de abril, continuaron os festexos con danzas na praza de Palacio e fogos de artificio.

O día 15 dirixíronse cara a Santiago a primeiras horas do día, "*entre las nueve y las diez de la mañana*".

As festas celebradas en Santiago e en Lugo non chegarían a equipararse ás da Coruña na cantidade de festexos, debido a que en estas dúas cidades a raíña permaneceu, como xa temos mencionado, menos tempo.

O día 16 de abril a raíña chegou a Santiago sobre as cinco da tarde. Unha comitiva formada por rexedores, fidalgos e cabaleiros saíron con dirección á Porta do Camiño para recibila<sup>49</sup>, despois acompañárona ata a catedral. Na Porta da Entrada situaron un "*Rico Dosel, y en el puesto el Retrato del Rey nuestro señor*"<sup>50</sup>, alí fóronlle entregadas as chaves da cidade. A seguir encamiñouse, a través das rúas enfeitadas con "*Ricas Colgadas*", cara á catedral<sup>51</sup>, onde foi recibida entrando baixo palio polo arcebispo de Santiago; ofrecéuselle un *Te Deum* e rezou durante dúas horas. Unha das esmolas da raíña foron 500 dobróns "*para hazer un Viril al Santissimo Sacramento*"<sup>52</sup>. Despois retirouse ao Palacio Episcopal, cedido polo arcebispo, o cal mentres tanto se aloxou no real convento de San Martiño, contiguo ao dito pazo.

A cidade de Santiago tiña dispostos catro días de festa, pero tras saberse que a real comitiva ía estar menos tempo, decidiuse consumir o día 17 todos os fogos preparados para eses catro días.

Na praza colocaron un arco triunfal cheo de fachos brancos; o balcón do cabido tiña vinte-seis "*hachas*", o Hospital Real<sup>53</sup> contaba con cento trinta, e un número semellante había no colexio de San Xerome, o colexio de Fonseca e o pazo Arcebispal. Ademais das luminarias, houbo un castelo de lume con catorce figuras de "*falsos dioses*"<sup>54</sup>.

48 I. Marínez-Barbeito, *op.cit.* 8-IX-1965.

49. Saudárona "*hincando tres veces rodilla en tierra fueron besando la mano de la reina*" (Diego Muros, *op.cit.*).

50. Relación nº 20, p.2.

51. A catedral estaba iluminada con fachos en todas as columnas.

52. Relación nº 30, p.8.

53. Hoxe en día é o Hostal dos Reis Católicos.

54. Refírese aos deuses e semideuses grecolatinos, por exemplo: Xúpiter, Hércules.

Tamén foi representada unha máscara, acompañada de tres carros triunfais. No primeiro carro ía unha "*hermosa Reyna*" sentada nun trono, e un "*Gallardo Cupido à la Testera, con un Dardo en su mano derecha, y de su Cuello pendiente una Aljaba con doradas flechas. Todo el Plan le ocupavan diversos Personages, con ricas galas, y variedad de insignias en sus manos, representando juntos los dilatados Reynos, y Señorios, de que viene à ser señora nuestra reyna Augusta*"<sup>55</sup>. O segundo carro levaba músicos e representaba as cidades do reino, "*llevando en medio de todas un Personage, que sostenia una Fuente de Plata y en élla una Mitra Arçobispal. Y otro, en lugar mas preheminate, en otra Rica Fuente de Plata sobredorada, llevaba la Sacra Tiara de Nuestro Santo Pontifice, para significar con esta Demostración, de que ambos Braços, Eclesiástico, y Secular, concurren uniformes a celebrar, festivos este Real Consorcio, de que tantas felizidades se promete la Christiandad*"<sup>56</sup>. O terceiro carro levaba as armas, os escudos e os trofeos dos reis, e como remate unha "*Gran Corona de Oro*".

Despois dos carros desfilaron os cabaleiros, ataviados con ricas galas, todos con fachos acesos. Xunto á máscara, houbo danzas: ao galego, á castelá e á mourisca.

Pola tarde, visitou a raíña o mosteiro de San Paio de Antealtares; a prelada regaloulle un crucifixo de acibeche, "*embutida a Peana con reliquias de Santos*"<sup>57</sup>. O cabido catedralicio tamén agasalouna cun "*Santiago de Oro, à Cavallo, con vestiduras del Santo de peso de libra y media, embutidas en la peana algunas Reliquias*".

O día 18 de abril levouse a cabo o beixamáns. Segundo conta Diego de Muros, na misa ofrecida na catedral, "*en el momento en que la Reina admiraba el Botafumeiro, éste "se soltó" y fue a caer a sus pies, sin causar daño a nadie*"<sup>58</sup>.

E ao día seguinte partiu a comitiva real cara a Lugo, sendo acompañada ata Lavacolla polo Concello, autoridades e demais corporacións.

A primeira noticia de que ía pasar por Lugo foi recibida o 12 de novembro de 1689, a través dunha orde do capitán xeral do Reino de Galicia. A partir de entón o concello iniciou os preparativos<sup>59</sup>.

55. Relación nº 20, p.4.

56. Relación nº 20, p.5.

57. Relación nº 20, p.6.

58. Diego de Muros, *op.cit.*

59. Adolfo de Abel Vilela no seu libro *A pompa funeral e festiva como exaltación del poder* describe polo miúdo os pasos que seguiron os rexedores, adquirindo pólvora para os fogos, confeitos e xelea para os refrescos, xunto a outros alimentos.

O 20 de abril a raíña entrou en Lugo, ás seis da tarde. Foi recibida polo capitán D. Juan Vázquez Bahamonde; fóronlle entregadas as chaves da cidade, e de alí pasou ao pazo (sé episcopal) onde pasaría a noite.

O venres, día 21, foi desde o pazo ata a catedral, a través dun "*pasillo*" formado polos militares. Na catedral escoitou a misa do bispo don Miguel de Fuentes. Regresou, por entre militares ao pazo e, dende alí, viu os festexos (danzas e fogos). Tamén se celebrou un beixamáns ese día.

O 22 de abril saíu da cidade, a través da porta de San Pedro. Desde Lugo ata Astorga a raíña pasou por varios pobos<sup>60</sup>, cuíos festexos consisten en: danzas, fogos, luminarias, castelo de fogos e misas.

A relación nº 15 narra os preparativos e as festas que ofreceu a cidade de Astorga, o autor foi o corrixidor Antonio Ossorio de Mayorga. Ao igual que vimos na Coruña, os preparativos comezaron meses antes da chegada: dispuxéronse aloxamentos e os abastos necesarios, arranxáronse os camiños, as pontes, as rúas...

Tamén menciona que cando recibiron a noticia de que a raíña chegara ao porto de Ferrol, celebrárono con luminarias e fogos. Isto fainos supor que puido ocorrer o mesmo noutros pobos.

O mércores 26 de abril, a súa maxestade entrou na cidade de Astorga, sendo recibida polo bispo, mentres soaban claríns e atabais. Conduciuse a raíña ata a igrexa, onde entrou baixo palio tras ser recibida polo cabido, e ofrecéuselle un *Te Deum*. De alí pasou a Palacio. Fronte ao Pazo situouse un arco, "*estrivado de dos fuertes Torreones (...) teniendo por Cimera una grande, y vistosa Aguila*"<sup>61</sup>, que ardeu esa mesma noite xunto a outros fogos artificiais de man.

O día 27 obsequiouse á raíña cunha corrida de oito touros, con luminarias e oito carros triunfais. A descrición do desfile de carros é moi detallada, o autor describe a decoración do carro, o seu significado e o que recitaron os seus ocupantes.

Ao día seguinte saíron cara a Valladolid e pola tarde lidáronse os touros que sobraron.

Astorga é a primeira cidade española que recibe á raíña cunha corrida de touros. A partir de aquí, o resto dos pobos que visita durante o traxecto, incluírán os touros<sup>62</sup> nos festexos, ademais de luminarias e fogos. As relacións de sucesos mencionan varios tipos de festas de touros: o despenadeiro de touros e touros encohetados.

60. En ningún deles pasa máis aló dunha noite, ata chegar a Astorga, cidade na que permanece dúas noites.

61. Relación nº 20, p.10.

62. En Benavente non houbo touros, debido a que chegou tarde, pero estaban preparados. (Relación nº 20, p.11).



## A viaxe da Raíña Mariana de Neburgo (1689-1690). Festas e relacións de sucesos.

O 3 de maio entrou en Valladolid e as festas duraron unha semana. Antes desta entrada os representantes do concello e cabido saíran a recibila aos pobos de Olmedo e Vila Nubla. A raíña dirixiuse a palacio e toda a noite houbo luminarias e fogos de man.

O xoves, día 4, "*entrò el Rey nuestro señor a las diez de la mañana en su Real Palacio de Valladolid, saliendo la Reyna nuestra señora à recibir à su Augusto Esposo*"<sup>63</sup>. A relación nº 27 describe o percorrido<sup>64</sup>. Na capela de San Diego, dentro do mesmo pazo, ratificáronse os "*Desposorios de Neburg*". Despois de xantar, ás catro "*salieron en Publico a la Santa Iglesia Catedral de Valladolid*"<sup>65</sup>, onde foron recibidos polo cabido. Cantouse un *Te Deum*.

O venres celebrouse o beixamáns e comezaron as festas pola noite, con luminarias, fogos, un castelo e unha choqueirada de 52 parellas, con 104 asnos.

